



Contrato para o Proxecto “Gest Algar” (Xestión Integral das algas de arribazón en Galicia. Valorización por compostaxe biolóxico), presentado á convocatoria do programa Conecta Peme, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar con Ecocelta S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 10/07/2018 ata o 30/09/2020..

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre ECOCELTA e INGACAL, como OPI subcontratada, ao respecto das tarefas que se han de realizar por ambas partes dentro do proxecto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Ingacal, en calidade de OPI contratada presentouse á convocatoria do programa Conecta PEME, para fomentar a cooperación entre as PEME e os demais axentes do Sistema de Innovación rexional, mediante o apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado e alineados cos desafíos e prioridades identificados en RIS3 para Galicia, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, para o ano 2018.

Os requisitos de dita convocatoria establecen que debe adxuntarse un documento que estableza as relacións contractuais entre empresa e OPIs con independencia de cal sexa a Resolución final da mesma.

Co fin de regular os diversos compromisos que asumirán as partes, faise necesario definir os marcos de actuación, as súas respectivas competencias e aquelas premisas básicas que permitan abordar un proxecto de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico entre Intacta e INGACAL.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

